

As ideas fundamentais do pensamento ilustrado.


A Ilustración foi un **heteroxéneo movemento cultural e intelectual** que se desenvolveu durante o **século XVIII**, herdeiro da filosofía racionalista e dos logros da revolución científica do XVII e expresión dos valores e actitudes dunhas elites cultas. A Ilustración careceu dunha teoría sistemática. Sumou aportes diversos: Locke e Hume en Inglaterra, Kant en Alemaña, Montesquieu, Rousseau, Voltaire, Diderot e D'Alambert, entre outros, na Francia, etc. En cada país, o espírito das Luces houbo de adaptarse aos distintos contextos socioculturais nos que se desenvolveu. Non obstante, pódense salientar algúns **trazos** compartidos, en diferente grao, polos diversos círculos e pensadores ilustrados:

- ◆ O **racionalismo**: a razón é o elemento definidor da condición humana, unha facultade que se desenvolve coa experiencia e a educación. A luz da razón permitiría descubrir e explicar as leis científicas que rexen a natureza e a sociedade humana e descubrir os medios para melloralas.
- ◆ O **espírito crítico**: o uso do entendemento non debía someterse á autoridade da tradición, das vellas crenzas e prácticas sociais xustificadas só polo costume.
- ◆ A **idea de progreso**: o achegamento crítico á tradición e a confianza na razón e nos avances científicos e tecnolóxicos alentaron a fe no progreso continuo e ilimitado da humanidade.
- ◆ A **importancia da educación**, entendida como o instrumento primordial para combater a superstición e a ignorancia e impulsar as *ciencias útiles* ao progreso material e cultural. O Estado debía asumir un papel fundamental no proceso educativo en prol da súa universalidade.

A Ilustración española.


A actividade da minoría ilustrada española estivo sometida a numerosos condicionantes que explican, en boa medida, a **moderación** das súas propostas: o tradicionalismo da meirande parte

Portada do primeiro volume da Enciclopedia francesa, obra dirixida polos ilustrados Diderot e D'Alambert (1751-1772)



[Dominio público], dende wikimedia Commons

I. Kant (1724-1804), destacado representante da Ilustración alemá



[Dominio público], dende wikimedia Commons

das universidades, sometidas a unha forte influencia eclesiástica e pouco receptivas aos intentos de reforma; a hexemonía da ortodoxia católica, compartida mesmo por case tódolos ilustrados españois; a estrita censura, tanto a política, exercida dende o Consello de Castela como a relixiosa, dirixida pola Inquisición. Moitas obras sobranceiras das Luces europeas, dende os escritos de Voltaire, Montesquieu e Rousseau ata a mesma *Enciclopedia*, estiveron prohibidas polo Santo Oficio. Malia os atrancos, houbo medios que permitiron aos ilustrados españois manter a ligazón cos seus colegas doutros lugares do continente: a correspondencia, as viaxes, a entrada clandestina de publicacións, as licenzas reais, etc.

O P. Feijóo (1676-1764)



[Dominio público], dende Wikimedia Commons

Carlos III (1759-1788), retratado por Mengs.



[Dominio público], dende Wikimedia Commons

Os antecedentes inmediatos do movemento ilustrado peninsular encóntranse no último terzo do século XVII na xeración dos **novatores**. Trátase dun cativo e heteroxéneo grupo de científicos (Manuel Martí, J. de Cabriada, C. Martínez, M. Zapata), eclesiásticos non poucos deles, que criticaron o inmovilismo dominante no mundo intelectual español e amosaron un singular interese polos portos da filosofía e da ciencia europeas contemporáneas (Descartes, Gassendi, Galileo, Boyle, Harvey, Newton). Reuníanse, contando co mecenado dalgúns aristócratas, en tertulias e academias privadas que foron xurdindo en diversas cidades da monarquía (Madrid, Valencia, Zaragoza, Cádiz, Sevilla).

O labor destes renovadores tivo continuidade a comezos do século XVIII na **primeira xeración ilustrada**. O galego P. Feijóo e o valenciano G. Mayans condenaron a relixiosidade tradicional, alimentada de supersticións e lendas, e insistiron na crítica ao atraso cultural español e á hexemonía do método escolástico no traballo universitario, que impedían a introdución no país da ciencia moderna. A presenza dos ministros reformistas de Filipe V, caso de José Patiño ou José del Campillo, non foi allea a estas iniciativas de renovación intelectual.

Tras as reformas do reinado de Fernando VI, o novo espírito da Ilustración adquiriu especial relevancia baixo **Carlos III** (1759-1788) da man dunha elite de avogados e funcionarios procedentes na súa maioría de modestas familias fidalgas. Tiveron un papel destacado nas tertulias, academias e sociedades ligadas ás Luces. Denunciaron o desinterese pola ciencia e a técnica, o desprestixio da artesanía e do comercio, os privilexios excesivos da nobreza e clero, os

problemas da agricultura... Algúns deles tiveron unha destacada **participación nas institucións de goberno** da monarquía absoluta. É o caso de Aranda Campomanes, Olavide, Jovellanos, Capmany ou Cabarrús. O recurso ao poder real foi para eles unha necesidade e un medio fundamental para levar a cabo as reformas pretendidas e afastar tanto os atrancos existentes como a oposición dos sectores tradicionalistas, maioritarios aínda na Igrexa e na sociedade. Por iso, defenderon unha nova concepción do poder coñecida como **despotismo ilustrado**: os monarcas debían exercer un poder absoluto, pero este debía empregarse, impulsando e encabezando as reformas, para aumentar a riqueza e o benestar do país. Un estilo político resumido no lema “*todo o poder para o pobo pero sen o pobo*”. Aínda así, os ilustrados non estiveron a salvo da persecución inquisitorial, como demostraron os procesamentos de Olavide e Jovellanos.

Outros ilustrados cultivaron as Luces en **diversos eidos do saber**: astronomía e cartografía (Antonio Ulloa, Jorge Juan), bioloxía (Mutis, Cavanilles), química (os irmáns Elhúyar), medicina (Piquer), economía (Jovellanos, Capmany, os galegos José Cornide, Lucas Labrada e Pedro A. Sánchez), literatura (Cadalso, Moratín), dereito (Jovellanos, Hervella de Puga, Somoza de Monsoriu), etc. Houbo tamén polígrafos como o P. Sarmiento, quen tanto escribiu sobre os problemas da pesca e a agricultura galegas como reivindicou a historia e a lingua propia do país.

Ante o tradicionalismo e control clerical das Universidades españolas, os ilustrados tiveron que valerse de **medios diversos para a difusión das súas ideas**:

- ◆ As **Academias**, tanto as Reais, establecidas en Madrid (Lingua, Historia, Belas Artes), como as nacidas en provincias baixo o patrocinio de diversas institucións. Este foi o caso da da *Academia de Agricultura do Reino de Galicia*, promovida pola intendencia e o ilustrado J. Cornide.
- ◆ As **Sociedades Económicas de Amigos do País** foron entidades impulsadas en diferentes localidades por pequenos grupos de ilustrados para promover a instrución, o progreso científico- técnico e o desenvolvemento económico das súas respectivas rexións. Intereses que se materializaron na redacción de estudos e informes e na creación de escolas de primeiras letras e de artes e oficios. A primeira delas foi a *Sociedade Bascongada de Amigos do País*, fundada en Azkoitia en

Pedro Rodríguez de Campomanes (1723-1802), destacado promotor da Ilustración en España



[Dominio público], dende Wikimedia Commons

Frei Martín Sarmiento (1695-1772), sobranceiro representante da Ilustración galega



[Dominio público], dende Wikimedia Commons

1764. O apoio prestado a estas entidades dende o Consello de Castela por Campomanes, promotor da *Sociedade Matritense de Amigos do País* (1775), favoreceu a súa difusión por toda a monarquía. Entre 1775 e 1808 fundáronse 97 destas entidades, entre elas as dúas galegas: a de Santiago de Compostela (1784), impulsada por ilustrados tan destacados como o cóengo Pedro A. Sánchez e o catedrático Luis M. Pereira, e a de Lugo (1785), na que destacou a figura do doutor Xoán Francisco de Castro.

- ◆ A **prensa** posibilitou a difusión de novas, achádegos científicos, creacións literarias e mesmo de reflexións críticas nos eidos económico e social. Sen embargo, a diferenza doutros países europeos, os periódicos non oficiais tiveron sempre moitos problemas. Nos anos 1780 proliferaron nas principais cidades do país pero a súa expansión foi interrompida de súpeto a partir de 1789.
- ◆ Espazos para o debate e a difusión das novas ideas foron tamén as **tertulias e salóns**, reunións máis ou menos regulares arredor de figuras distinguidas e influíntes, políticos (Aranda, Campomanes, Olavide, Floridablanca) e aristócratas, incluídas algunhas mulleres como a condesa de Montijo ou a duquesa de Alba.
- ◆ O interese pola educación e o progreso científico concretouse tamén fundación de **novos centros de ensino** secundario (*Real Estudio de San Isidro*) e superior (*Real Gabinete de Máquinas, Escola de Camiños e Canles, Colexio de Cirurxía, Escola de Mineraloxía, Real Seminario de Nobres*). Na Coruña estableceuse unha *Escola de Náutica e Comercio* ligada ao Consulado Marítimo. Pola contra, os intentos de reforma das Universidades e Colexios Maiores para adaptalos ao espírito dos século tiveron resultados moi limitados.

As posicións ideolóxicas dos ilustrados españois foron ben diversas. Dominou un moderado reformismo confiado no apoio real. Outros, como o galego P. Sarmiento, miraron con desconfianza as mudanzas sociais e políticas e semellaban reivindicar un idealizado pasado feudal en transo de desaparición. Algúns evolucionaron cara posicións próximas ao liberalismo: foi o caso de Valentín de Foronda, León del Arroyal, o abade Marchena ou dos galegos Lucas Labrada e Marcelino Pereira.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- AMALRICK, J.-P.; DOMERGUE, L.: *La España de la Ilustración (1700-1833)*, Barcelona, Crítica, 2001.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- RUÍZ TORRES, P.: *Reformismo e Ilustración*, en FONTANA, J.; VILLARES, R. (dir.), *Historia de España*, vol. 5, Barcelona, Ed. Crítica-Marcial Pons, 2014.
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.